

## O traballo no campo

### A agricultura

A agricultura é o cultivo ou coidado da terra e das plantas para obter produtos agrícolas.

Os produtos agrícolas son moi variados. Podemos distinguir varios tipos:

- Cereais, como o trigo, o millo ou o arroz.
- Froitas, como as laranxas, as peras ou as mazás.
- Hortalizas, como os tomates, as leitugas, os grelos ou as cenorias. Dependendo da forma de **rega**, a agricultura pode ser:
  - De **secaño**, cando só se emprega a auga da chuvia para regar. A oliveira, a vide e os cereais son algúns cultivos de secaño.
  - De **regadío**, cando é necesario utilizar rega artificial con regularidade. As froitas e as hortalizas son os principais cultivos de regadío.

### Os labores dos agricultores

A recolección dos produtos cultivados polos agricultores recibe o nome de **colleita**.

As tarefas agrícolas son moi variadas:

- **Arar**, que consiste en labrar a terra cun arado facendo sucos (1).
- **Fertilizar**, que é botar substancias na terra para que estas sexan máis fértiles e produzan máis.
- **Sementar**, que consiste en espaxear as sementes (2).
- **Regar**, ou botar auga nos cultivos.
- **Sachar**, que é quitar as malas herbas.
- **Fumigar**, que consiste en botar insecticidas para evitar as pragas de insectos (3).
- **Recoller**, ou coller os froitos da colleita (4).



#### COMPRENDE, PENSA...

- 1 Que tipos de agricultura hai dependendo do tipo de rega?
- 2 Nomea dous cultivos de secaño e dous de regadío.



LARA

SAMU  
GALLARDO

## O traballo con animais

### A gandería

A **gandería** é a cría e o comercio de animais domésticos para obter alimentos como carne, leite e ovos, e outros produtos como la e coiro.

O conxunto dos animais que se crían reciben o nome de **gando**. Hai diferentes tipos de **gando**:

- O gando **bovino** ou **vacún** son as vacas, os touros e os bois.
- O gando **porcino** son os porcos.
- O gando **ovino** son as ovellas.
- O gando **caprino** son as cabras.
- O gando **avícola** son as galiñas e outras aves.

### Os labores dos gandeiros

Algúns gandeiros crían o seu gando en lugares pechados, como cortes e granxas. Estes animais aliméntanse principalmente de penso. Outros gandeiros levan o gando a prados ao aire libre para que se alimenten de pastos.

As **tarefas gandeiras** son moi variadas; as máis destacadas son:

- Manter limpos os recintos e adecualos aos animais que viven neles.
- Alimentar o gando.
- Vacinar os animais e vixiar para que non teñan enfermidades.
- Coidar das crías.
- Muxir os animais que dan leite, como as vacas, as ovellas e as cabras.
- Recoller os ovos das galiñas.

SAMU  
LÓPEZ

ELOY

#### TRABALLO COA IMAXE 1



Nomea os tipos de gando que aparecen nas imaxes.

#### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 Explica coas túas palabras en que consiste a gandería.
- 2 Busca no dicionario o significado dos termos seguintes:
  - Gando equino.
  - Transhumancia.
  - Apicultura.
- 3 En que lugares pechados se cría o gando? De que se alimentan os animais nestes lugares?

## O traballo no mar

### ● A pesca

A **pesca** é a captura de peixes ou outros animais que viven no río ou no mar, e que reciben o nome de **produtos pesqueiros**.

A pesca que se realiza nos ríos chámase **pesca fluvial**.

A que se efectúa no mar chámase **pesca marítima**, e pode ser de dous tipos:

- **Pesca de baixura.** Realízase preto da costa, e nela empréganse barcos pequenos. Captúranse especies como sardiñas, peixes sapos, robalizas, etc.
- **Pesca de altura.** Lévese a cabo lonxe da costa, en lugares onde hai grandes bancos de peixes, chamados **caladoiros**. Neste tipo de pesca empréganse barcos grandes, dotados con cámaras frigoríficas para conservar o peixe, xa que permanecen en alta mar semanas e, mesmo, meses. Entre as especies capturadas, destacan atúns, bacallaus, pescadas, etc.

### ● Os labores dos pescadores

As tarefas máis importantes que levan a cabo os pescadores son:

- Antes de saír pescar, teñen que preparar as embarcacións e os útiles de pesca, como redes, arpóns, anzois, etc.
- Unha vez no río ou no mar, teñen que colocar as redes ou os anzois na auga, para capturar os peixes e demais especies mariñas.
- Unha vez recollida a pesca, deben levar as capturas ao porto, onde as venderán nun lugar chamado lonxa. Para conservalas mellor durante a viaxe, mantéñenas en xeo.



TRABALLO COA IMAXE 1

Que tipo de pesca marítima representa a imaxe? Que outro tipo de pesca coñeces? Que especies se capturan en cada tipo de pesca?

#### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 Que nome recibe a pesca que se realiza nos ríos? E a que se leva a cabo no mar?
- 2 Que é a pesca de altura? En que se diferencia da pesca de baixura?
- 3 Describe no teu caderno os principais labores dos pescadores.
- 4 Na lonxa, os pescadores poxan o peixe e os peixeiros poxan para fixar o prezo. Explica o significado das palabras *lonxa* e *poxa*.



## O traballo no interior da Terra

### ● A minería

Moitas das cousas que nos rodean foron construídas cos materiais que se obteñen dunha mina.

A **minería** é a extracción de rochas e minerais do interior da Terra.

Existen dous tipos de minas:

- As **minas subterráneas**, nas que os materiais se encontran a gran profundidade e é necesario facer grandes pozos e galerías para poder extraelos.
- As **minas a ceo aberto**, ou canteiras, nas que o mineral está na superficie, ou preto dela, e non é necesario escavar pozos nin galerías.

Nas minas obtéñense distintos tipos de materiais:

- **Combustibles enerxéticos**, como gas, carbón e petróleo.
- **Materiais para a construción**, como granito, mármore ou ferro.
- **Minerais e pedras preciosas** para fabricar xoias, como ouro, prata ou diamantes.

### ● Os labores dos mineiros

Os **mineiros** son as persoas que se encargan de extraer os minerais do interior das minas. O traballo dos mineiros é moi duro e arriscado.

As súas **tarefas** máis importantes son:

- Perforar e escavar as rochas para extraer os minerais que se queren obter.
- Trasladar o material extraído aos lugares onde vai ser tratado.
- Seleccionar os materiais útiles.



TRABALLO COA IMAXE 1

Que clase de materiais pensas que se extraen neste tipo de mina?



TRABALLO COA IMAXE 2

Describe esta mina a ceo aberto.

#### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 Que son as canteiras? Saberías dicir cal é a diferenza que existe entre unha mina subterránea e unha canteira?
- 2 Que nome reciben as persoas que traballan nunha mina? Explica brevemente no teu caderno os principais labores dos mineiros.
- 3 Di para que se utilizan estes produtos obtidos na minería:  
Granito – carbón – ouro – ferro – arxila
- 4 Busca no dicionario o significado da palabra *galería* e anota no teu caderno aquel que estea relacionado coa minería.

CARLOS

DANI

MIREIA

IZAN

## LECTURA DO MÉRCORES

### Produtos naturais e produtos elaborados

#### Os produtos naturais

Na unidade anterior, estudamos as actividades que se dedican a obter produtos naturais.

Os **produtos naturais** son aqueles que se extraen directamente da natureza, con ou sen a intervención dos seres humanos.


#### COMPRENDE, PENSA...

- 1 Que son os produtos naturais?
- 2 Nomea os distintos tipos de produtos naturais que hai.

Contamos con **distintos tipos de produtos naturais**:

- Os produtos naturais que se obteñen **do campo**; é dicir, os cereais, as froitas, as hortalizas e a madeira.
- Os produtos naturais que se obteñen **dos animais**, como o leite, os ovos, a carne ou o mel.
- Os produtos naturais que se obteñen **do mar e dos ríos**, como os peixes, os mariscos ou as algas.
- Os produtos naturais que se obteñen **do interior da terra**, como as rochas e os minerais.

Estes produtos naturais pódense consumir directamente ou pódense utilizar para obter outros produtos.



TRABALLO COA IMAXE 1

De onde proceden estes produtos naturais?

#### Os produtos elaborados

Os produtos naturais podémolos utilizar para confeccionar outro tipo de produtos chamados produtos elaborados.

Os **produtos elaborados** son aqueles que se obteñen a partir da transformación dos produtos naturais.

Cando os produtos naturais se empregan para obter produtos elaborados, reciben o nome de **materias primas**.

Así, usamos o leite como materia prima para elaborar queixo, iogur, etc.; madeira, para fabricar mobles; ferro, para facer vías e vigas, etc.

As materias primas transfórmanse en produtos elaborados por medio de dous tipos de actividades: a artesanía e a industria.



TRABALLO COA IMAXE 2

Que materias primas se utilizaron para obter estes produtos elaborados?

#### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 3 Que son os produtos elaborados?
- 4 Di se os seguintes traballadores obteñen produtos naturais ou elaborados: zapateiro, mineiro, agricultor, panadeiro, carpinteiro, pescador.
- 5 A que lle chamamos materia prima?
- 6 Escribe os nomes dos produtos naturais utilizados para lograr estes produtos elaborados: pan, cadeira, martelo, sombrero, zapato.

LARA

IZAN

## A artesanía e a industria

### ● A artesanía

A **artesanía** é unha actividade que transforma produtos naturais en produtos elaborados utilizando as mans ou ferramentas sinxelas.

Na artesanía, a transformación dos produtos naturais en produtos elaborados lévase a cabo en **talleres artesanais**. Estes obxectos, que se elaboran un a un, son únicos e diferentes entre si. As persoas que se dedican a esta actividade reciben o nome de **artesáns**.

Os **artesáns** traballan en talleres, sós ou en compañía de poucas persoas, realizando todo o proceso de elaboración do produto. Son artesáns os carpinteiros, os oleiros, os canceiros, os ferreiros, os xoieiros, etc.

### Os tipos de artesanía

Hai moitos tipos de artesanía. Algunhas das máis coñecidas son:

- A **cerámica** e a **olería**, nas que se elaboran vasillas, azulexos e outros obxectos a partir de barro.
- A **ourivería**, que consiste en labrar obxectos con metais preciosos.
- A **cestería**, na que se elaboran obxectos a partir de tiras ou fibras vexetais.
- A **carpintería**, que traballa a madeira.

### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

1 Corrixe no teu caderno os erros cometidos nas frases seguintes:

- Os obxectos artesanais son iguais entre si.
- Os artesáns traballan con moitas persoas para producir moitos obxectos á vez.
- Os artesáns empregan ferramentas complexas para realizar o seu traballo.

2 Pensa nas profesións que coñeces que poidan ser desenvolvidas por artesáns. Anótaas no teu caderno.



Que obxectos están elaborando estes artesáns? Que produtos naturais utilizan?

SAMU  
GALLARDO

SAMU  
LÓPEZ

### ● A industria

A **industria** é a actividade que fabrica produtos empregando máquinas e ferramentas complexas. En pouco tempo, realízanse miles ou millóns de obxectos iguais.

As persoas que se dedican a esta actividade reciben o nome de **traballadores industriais**.

Os traballadores industriais traballan en grandes **fábricas** xunto a moitas persoas. Cada traballador efectúa unha parte do proceso de elaboración.

As fábricas localízanse nos arredores das cidades, e nelas eláboranse a maioría dos produtos que consumimos e usamos na vida diaria, como coches, electrodomésticos, mobles, etc.

### Os tipos de industria

Hai moitos tipos de industria. As máis importantes son:

- As **industrias alimentarias**. Envasan ou elaboran alimentos. É o caso das panadeiras, as conserveiras ou as de produtos lácteos.
- As **industrias químicas**. Fabrican pinturas, plásticos, produtos de limpeza, fertilizantes, etc.
- As **industrias metalúxicas**. Obteñen metais a partir dos produtos que se extraen nas minas.
- As **industrias téxtiles**. Elaboran tecidos.
- As **industrias automobilísticas**. Fabrican vehículos.
- As **industrias da construción**. Constrúen edificios, pontes, estradas, etc.

### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...



3 En grupos de tres, copiade esta táboa no voso caderno e completádeala indicando que produto se elabora en cada tipo de industria.

4 Busca os significados das palabras **reciclaxe** e **industrialización** e anótaas no teu caderno

Industria	Fabrica
Alimentaria	
Química	
Metalúxica	
Téxtil	
Automobilística	



Que tipo de industria aparece na fotografía?

### Que curioso!

O proceso de elaboración dun produto industrial nunha fábrica por distintas persoas recibe o nome de **cadea de montaxe**.

## O transporte, o comercio e o turismo

### Os medios de transporte

O **transporte** é o traslado de persoas ou mercadorías entre dous lugares, próximos ou afastados.

Os **medios de transporte** son os vehículos nos que as persoas podemos viaxar e levar produtos ou mercadorías dun lugar a outro. Por esta razón, falamos de medios de transporte de viaxeiros e medios de transporte de mercadorías.

### Os tipos de medios de transporte

Os medios de transporte, tanto de viaxeiros coma de mercadorías, poden ser terrestres, marítimos ou aéreos.

- **Transporte terrestre.** É o máis utilizado. Realízase por medio de vehículos individuais, como coches, motos ou camións; ou colectivos, como autobuses, trens, metros e tranvías. Os colectivos cóllense nas **estacións**.
- **Transporte marítimo.** Realízase sobre todo en barcos, a través de ríos ou mares. Úsase para transportar mercadorías moi pesadas e gran número de persoas. O lugar onde embarcan e desembarcan os barcos chámase **porto**.
- **Transporte aéreo.** É o medio de transporte máis rápido. Realízase polo aire, por medio de avións e helicópteros. O lugar onde engalan e aterran os avións chámase **aeroporto**.

#### COMPRENDE, PENSA, INVESTIGA...

- 1 Que é o transporte?
- 2 Nomea dous vehículos de transporte terrestre individuais e dous de transporte terrestre colectivos.
- 3 **Relaciona.** Observa as imaxes. Que lugares aparecen? Indica os medios de transporte que podes encontrar en cada un destes lugares. quen traballa nestes lugares?
- 4 Busca información e escribe no teu caderno as diferenzas que hai entre o transporte público e o privado.



Que medio de transporte é o máis rápido? E o máis barato?

SAMU  
GALLARDO

### A actividade comercial

O **comercio** é a compra e a venda de calquera tipo de produto. Pode ser interior ou exterior.

- O **comercio interior** lévase a cabo dentro do mesmo país.
- O **comercio exterior** realízase entre distintos países. Se compramos produtos a outros países, falamos de **importar**. Se vendemos a outros países, falamos de **exportar**.

As persoas que venden chámanse **comerciantes**, e as persoas que compran chámanse **consumidores**.

Os produtos poden venderse en distintos tipos de establecementos comerciais:

- En **tendas pequenas**, que adoitan estar especializadas na venda dun só tipo de produto: peixerías, froiterías, ferraxerías, panaderías, tendas de roupa, etc.
- En **grandes superficies comerciais**, que venden produtos de todo tipo, como supermercados, hipermercados e centros comerciais.
- En **almacéns**, onde os comerciantes compran os produtos que despois venderán nas súas tendas.

IZAN

### A actividade turística

O **turismo** é o desprazamento temporal de persoas para realizar actividades de ocio, descanso ou cultura.

Existen varios tipos de turismo. Os máis practicados en España son:

- **Turismo de sol e praia.** Practícase fundamentalmente no verán. Concéntrase nas zonas costeiras, onde as persoas van bañarse no mar e tomar o sol.
- **Turismo de neve.** Realízase no inverno, cando hai neve nas montañas para esquiar e practicar outros deportes típicos desa estación.
- **Turismo cultural.** Practícase todo o ano. Consiste en visitar cidades históricas, museos, monumentos, etc.
- **Turismo rural.** Consiste en visitar lugares tranquilos, en contacto coa natureza: vilas, granxas, etc.

LARA



Que tipos de turismo aparecen nas fotografías? Coméntaas.

#### COMPRENDE, PENSA...

- 5 En que consiste o comercio?
- 6 **Compara.** Explica cal é a diferenza entre importar e exportar.
- 7 Di que é o turismo. Nomea varios tipos.

## Os traballos en Galicia

### Os traballos con produtos naturais: Sector primario.

En Galicia, os traballos máis comúns para obter produtos naturais son a agricultura, a gandería, a pesca, a minería e a silvicultura.

- Na **agricultura** destacan a herba e o millo, para alimentar o gando, a pataca, a vide e os cultivos de horta.
- Na **gandería** destacan o gando vacún (tanto para leite como para carne), o gando porcino e o gando avícola.
- Na **pesca** e no **marisqueo** destacan moitas especies porque Galicia é a comunidade máis importante de España.
- Na **minería** destacan as canteiras de granito do Porriño e de lousa de Valdeorras.
- Na **silvicultura** obtéñense madeira e pasta de papel.

#### COMPRENDE, PENSA...

1 Describe os produtos naturais que se obtéñen en Galicia.

2 Onde se localizan a maioría das industrias da comunidade?

3 Que lugares de Galicia lles recomendarías aos turistas?

4 Visitaches algún museo de Galicia? Se é así, di cal e descríbete brevemente. Se non, ¿por que gustaría ir e por que.



### Os traballos con produtos elaborados: Sector secundario.

Galicia non é unha comunidade moi industrializada, pero posúe empresas importantes nos sectores das industrias téxtil, automobilística, naval, enerxética e alimentaria.


A maioría destas industrias localízanse nos arredores das cidades, formando **polígonos industriais**, que son uns barrios especiais onde só hai fábricas e almacéns.

### Os traballos nos servizos: Sector terciario.

Estas actividades son das máis importantes da comunidade, porque nelas traballamos a maioría dos galegos.

- O **transporte** conta cunha importante rede de estradas e ferrocarrís; ademais de 3 aeroportos e 128 portos de mar.
- O **comercio** lévase a cabo en centros comerciais e en pequenas tendas especializadas.
- O **turismo** baséase na chegada de visitantes que desexan coñecer a gastronomía, as paisaxes rurais e costeiras, os balnearios, os museos e os monumentos, entre os que destacan os patrimonios da humanidade das Murallas de Lugo, a Torre de Hércules e a cidade de Santiago. A esta última chegan continuamente peregrinos a través do Camiño de Santiago.

## Alguns traballos da comunidade galega



Viñedo emparrado da comarca do Ulla.



Barcos de pesca no porto de Camariñas.



Vacas frisoas nun prado de Corcubión.



Explotación madeireira de Mondoñedo.



Manequíns dunha empresa téxtil.



Botafumeiro para a misa de peregrinos.